

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o once de agosto do ano dous mil dezaseis, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º), don Plácido Álvarez Dobaño e don Juan Anta Rodríguez, que escusan a súa ausencia.

Asiste a interventora en funcións, dona Marta Mouriño Vázquez, técnica asesora do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 5 DE AGOSTO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día cinco de agosto de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2016 (BOP N.º 111, DO 14 DE MAIO DE 2016).-

Unha vez vista a acta complementaria da Comisión de Valoración para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais (BOP n.º 111, do 14 de maio de 2016), así como os informes emitidos pola mencionada comisión ás alegacións presentadas, en tempo e forma, á resolución provisional do 14 de xullo de 2016, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda**:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polas entidades que se reflicten no cadro que segue e polos motivos recollidos na acta que se incorpora como anexo a este acordo.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

N.º	CIF	ENTIDADE	PROXECTO	DATA DE PRESENTACIÓN DA ALEGACIÓN NO REXISTRO XERAL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE
1	G32207516	Asociación de Mulleres ANEL	Fomento do emprego no rural	28.07.2016
2	G32354227	Asociación de Mulleres ALGUEIRADA	Programa de dinamización do rural	28.07.2016

2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

ANEXO:

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS (BOP n.º 111, do 14 de maio de 2016) DE VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE DATA 14 DE XULLO DE 2016

No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 09.30 horas, do día 1 de agosto de 2016, reúnese a Comisión de Valoración integrada polo Sr. Presidente, D. Rosendo Luis Fernández Fernández como presidente da mesa, como vogais, o Sr. secretario, D. Francisco Cacharro Gosende, a Sra. interventora, D.ª Mónica Legaspi Díaz, e D.ª Montserrat Rodríguez González como técnico designado pola Presidencia e actuando como secretaria, co fin de proceder á valoración das alegacións presentadas á proposta de resolución provisional de data 14 de xullo de 2016.

Reunida a Comisión de Valoración, procédese á seguinte proposta de resolución:

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS:

Presentaron alegacións á proposta de resolución provisional para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2016, as seguintes entidades de iniciativa social:

Nº	CIF	ENTIDADE	PROXECTO	Data de presentación da Alegación no Rexistro Xeral da Deputación de Ourense
1	G32207516	Asociación de Mulleres ANEL	Fomento do Emprego no rural	28/07/2016
2	G32354227	Asociación de Mulleres ALGUEIRADA	Programa de Dinamización do rural	28/07/2016

Estas alegacións foron presentadas en data 22 de xullo de 2016, en tempo e forma, a través de correo administrativo, sendo que tiveron entrada no rexistro xeral da Deputación en data 28/07/2016.

2º.- INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

2.1 Valoración da alegación presentada pola ASOCIACIÓN DE MULLERES ANEL

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

Na alegación presentada por esta entidade solicitábase a revisión de criterios tidos en conta para a valoración en diferentes apartados. Así,

Á alegación primeira.- A Asociación de mulleres Anel argumenta no seu escrito de alegacións, solicita que o proxecto presentado: “Fomento do emprego no rural” sexa cualificado como un proxecto encadrable no apartado “proxectos dirixidos a colectivos enumerados e con necesidades de carácter psico-socio-económicos especialmente caracterizadoras e non cubertas” (do apartado “sector poboacional ó que se dirixe”), Considérase, na alegación, que o colectivo “muller” ó que se dirixe ten barreiras de acceso ó emprego en atención a súa baixa cualificación e escaseza de recursos próximos, entre outras. Solicitan, consecuentemente, que se lle adxudiquen 5 puntos dos 7 posibles.

No informe realizado da valoración dos proxectos, o presentado pola Asociación de Mulleres ANEL foi considerado no criterio de valoración “proxectos dirixidos a colectivos afectados por algunha/s dificultades de carácter transitorio ou permanente, e, con elo, merecedora de 4 puntos sobre os 7 posibles.

O apartado solicitado para incluír este proxecto está referido a aqueles proxectos dirixidos a persoas en risco de vulnerabilidade social especial e/ou persoas en situación de exclusión social, entendéndose por exclusión social (así se reflicte no informe elaborado pola Área de Benestar y facilitado en copia á entidade agora alegante), para aqueles sectores de poboación os que poderíamos conceputar como “á marxe dunha determinada estrutura social”. Pois ben, o colectivo “muller”, considerado de forma global, non podemos consideralo encaixable neste concepto cando nos estamos referindo ó acceso ó emprego en xeral.

Ó colectivo ó que a Asociación dirixe o seu proxecto é considerado, para a valoración deste apartado, como afectado por situación de “dificultade social”, entendendo con elo, que non están excluídos socialmente pero si presentan unha especial demanda de servizos e/ou atencións especiais sexan estas de carácter temporal ou permanente, exemplificando de forma concreta no devandito informe: situación de paro de longa duración etc. Dentro de este apartado foi merecedora da puntuación máxima posible : 4 puntos.

Á alegación segunda.- Entende, a alegante, que o proxecto “fomento do emprego no rural”, non é análogo, no relativo ó emprego, a ningún existente, nin de carácter público nin privado, na área de influencia e por elo solicita que sexa considerado dentro do criterio “inexistencia de actuacións ou servizos referidos nin ós intereses nin o colectivo obxecto da proposta na zona de influencia, (...)”, solicitando con elo a máxima puntuación do apartado : 9 puntos.

Fronte a este consideración é de interese ter en conta que o proxecto que se está a valorar se refire a: “1. Información e asesoramento laboral, 2. Formación e capacitación e 3. Bolsa de emprego”.

Segundo se recolle no apartado “Fundamentación e breve descrición do proxecto”, e esta dirixido a mulleres de entre 35 a 50 anos. Pois ben, esta tipoloxía de proxecto e o colectivo obxectivo de destino están presente en diferentes actuación de carácter público, a saber: obradoiros de emprego (existente na área de influencia), servizo de información e orientación laboral do servizo público de emprego (existente igualmente na área de influencia), así como programas de cooperación para o emprego, e as diferentes liñas de axuda e fomento de programas de formación para persoas en situación de desemprego, como para o fomento do emprendementos. En base a todo isto, o proxecto presentado pola entidade obtivo 2 puntos neste apartado, por considerarse encadrable no apartado “Existencia de múltiples actuacións con obxectivos e destinatarios semellantes no ámbito territorial de referencia e/ou para o que dito proxecto non representa unha necesidade importante na zona de influencia”

Á alegación terceira.- Exponse na alegación que o proxecto atende a “necesidades básicas, de saúde, sociosanitaria, sociais ... xa presentes entre o público destinatario”.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

O proxecto da Asociación de Mulleres ANEL é un proxecto de información e orientación para o emprego . Non se atopa dentro do criterio a dificultade cualificable como “necesidade básica”, comparable a situacións de saúde, sociónutricional, etcétera, á que se refire este apartado, toda vez que, como xa queda dito, trátase dunha necesidade e colectivo atendido por diferentes liñas de axudas e subvencións, así como servizos accesibles para a poboación por estar na área de influencia do concello. Así, este aspecto ten unha puntuación de 5 puntos por ser un “Proxecto que atende a necesidades non cualificables como básicas pero con ampla demanda social”

Á alegación cuarta.- Faise fincapé en que se trata dun proxecto que ten en conta a perspectiva de xénero .

Este aspecto é tido en conta na fase segunda de valoración, sendo que a esta fase só poden acceder aqueles proxectos que na fase primeira de valoración obtiveran, canda menos, 30 puntos dos 50 posibles.

O proxecto presentado pola Asociación de Mulleres ANEL obtivo, nesta fase primeira, 25 puntos. Non acadou a puntuación mínima precisa para acceder a valoración secundaria.

2.1 Valoración da alegación presentada pola ASOCIACIÓN DE MULLERES ALGUEIRADA

En data 28 de xullo de 2016 tivo entrada no rexistro xeral da Deputación, escrito de alegacións presentado pola Asociación de Mulleres Algueirada, que foi rexistrado como número 22308 no rexistro xeral da Deputación.

Neste escrito solicitábase a revisión dos criterios tidos en conta para puntuar o proxecto presentado pola entidade, neste sentido,

Á alegación 1.- A Asociación alegante solicita que o proxecto presentado: “Programa de Dinamización do rural” sexa incluído no apartado “proxectos dirixidos a colectivos afectados por algunhas dificultades de carácter transitorio ou permanente”.

O proxecto obxecto da alegación plantexa obradoiros de estimulación cognitiva para manter activa a interacción das beneficiarias. Trátase de anticiparse, de previr situacións de deterioro cognitivo e, por elo, encadrable no criterio : “proxectos preventivo dirixidos a colectivos que presentan especial vulnerabilidade”, correspondéndolle 2 puntos neste apartado.

Á alegación 2.- Solicitase a inclusión do proxecto presentado no apartado “ inexistencia de actuacións ou servizos referidos nin os intereses nin o colectivo obxecto da proposta na zona de influencia, sendo o desenvolvemento do proxecto crucial para a poboación e a zona de influencia”

É de interese comentar que a prevención das situacións de dependencia é un obxectivo compartido por administracións e entidades de carácter privado. Dende as entidades locais, comarcais, provinciais e autonómicas defínense servizos e axudas para apoiar as políticas de prevención da dependencia que están dirixidas a igual público obxectivo e intereses.

O proxecto considerase como incluíble dentro do apartado de “existencia de múltiples actuacións con obxectivos ou destinatarios semellantes no ámbito territorial de referencia (...)”, entendido isto dentro do contexto ó que nos estamos a referir: unha liña de subvencións en réximen de concorrencia competitiva, un procedemento que implica unha comparación entre as solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas, e sempre co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible.

Son, polo tanto, o criterio da comparación de solicitudes e a limitación do crédito dispoñible os que condicionan a valoración dos proxectos e a contía das mesmas así como a súa inclusión dentro dos diferentes criterios.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

Á alegación 3ª.- Solicitase maior puntuación no criterio de viabilidade. Neste criterio estímase cuestións como a viabilidade técnica, económica e social dos proxectos, téndose en conta as características, condicións técnicas e operativas que reflectan os proxectos. En atención a esta valoración o proxecto presentado obtivo 2 puntos.

3ª PROPOSTAS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN Á XUNTA DE GOBERNO

A Comisión de Valoración PROPÓN á Xunta de Goberno:

NON ESTIMAR as alegacións presentadas polas entidades que se reflecten na táboa anterior, polos motivos xa recollidos nesta acta.

3.- RESOLUCIÓN DOS RECURSOS CON NRE 22239 E 22240 DE DATA 27.07.2016 PRESENTADOS POLOS CLUBS AD OURENSE HÓCKEY CLUB E CLUB HÓCKEY SANTIAGO APÓSTOL, CONTRA A RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE ENTIDADES DEPORTIVAS 2016.- Con data 27.07.2016 e NRE 22239 e 22240 tiveron entrada no Rexistro Xeral da Deputación os recursos/alegacións interpostos polos clubs *AD Ourense Hóckey Club e Club Hóckey Santiago Apóstol*, contra a resolución da convocatoria de entidades deportivas 2016.

Os recursos anteditos enmárcanse no concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2016, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva, e cuxas bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación na data 11.12.2015 e publicadas na súa integridade no BOP núm. 292, de data 21.12.2015.

Nos trámites de resolución provisional de data 07.07.2016 e publicación 13.07.2016 e definitiva do concurso de data 05.08.2016, resulta que as solicitudes dos clubs recorrentes AD Ourense Hóckey Club e Club Hóckey Santiago Apóstol son excluídos da valoración por non posuír, polo menos, un equipo de base acreditado documentalmente, tal e como dispón a base 2.1 d) das reguladoras do concurso.

Con data 09.08.2016, polo Vicesecretario Xeral da Deputación emitíuse ditame que nas súas consideracións xurídicas e conclusión informa e propón o seguinte:

En primeiro lugar, procede informar sobre a ADMISIÓN/NON ADMISIÓN dos recursos presentados.

Polo que se refire á cualificación dos recursos presentados, estes son cualificados como RECURSOS DE REPOSICIÓN, se ben se dirixen contra o acordo de resolución provisional do concurso e apertura do trámite de audiencia, actos que non poñen fin á vía administrativa por non

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

teren encaixe en ningún dos supostos previstos no artigo 52.2. da LRBRL, e polo tanto non susceptibles deste tipo de recursos. Por esta razón, os recursos de reposición presentados non deberían ser admitidos.

Porén do anterior, non debemos esquecer que o artigo 110.2 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das AAPP e do procedemento administrativo común consagra o denominado principio antiformalista en materia de recursos administrativos nos seguintes termos “...el error en la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter...”.

Xa que logo, os escritos presentados poderían ser tramitados como alegacións á proposta provisional, por ser o recurso que procede, xa que segundo establece a Lei 30/1992, do réxime xurídico das AAPP e do procedemento administrativo común, e a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015) e así se fixo constar na publicación da resolución provisional do recurso, a dita proposta someteuse a un trámite de audiencia de dez días hábiles desde a data da publicación para os efectos de presentación de alegacións polos interesados.

Pero, aínda facendo esta interpretación, vemos que os recursos/alegacións con NRE 22239 e 22240 foron presentados fóra do prazo establecido para o dito trámite, que finalizaba, como sinalamos, na data 26.07.2016. Por esta razón, as alegacións presentados non deberían ser admitidas.

En todo caso, e aínda que non procede entrar no fondo dos recursos/alegacións presentados, no suposto de ter que ser admitidos a trámite, estes terían que ser desestimados, xa que os propios escritos con NRE 22239 e 22240 indican que non presentaron as certificacións ou documentación acreditativa de posuír polo menos un equipo na categoría base, cuestión esta que as bases reguladoras –que segundo reiterada xurisprudencia constitúen a auténtica lei do procedemento– no seu apartado 2.1.d) “...posuír, polo menos un equipo de base acreditado...”, establece como requisito para poder ser beneficiario das citadas subvencións.

Ademais do anterior, debemos lembrar que estamos ante un procedemento de concorrência competitiva, no que non se pode atender a circunstancias particulares de cada club (argumentase o estado de saúde do recorrente para xustificar o incumprimento das obrigas formais da convocatoria) e que as subvención públicas, en virtude da normativa sinalada no fundamento xurídico do presente informe, están sometidas non só a obrigas materiais senón tamén formais, polo que non pode admitirse unha declaración de que se posúen os requisitos esixidos sen a súa acreditación en tempo e forma.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

Sinalar que en todo caso os interesados teñen aberta na data de hoxe a vía administrativa e contencioso-administrativa para impugnar, se así o consideran, a resolución definitiva do concurso, adoptada pola Xunta de Goberno da Deputación na data 05.08.2016.

CONCLUSIÓN: *Tendo en conta as consideracións xurídicas anteriores, infórmase que os recursos de reposición/alegacións con NRE 22239 e 22240 de data 27.07.2016, interpostos polos clubs AD Ourense Hóckey Club e Club Hóckey Santiago Apóstol, contra a resolución da convocatoria de entidades deportivas 2016, non deben ser admitidos.*

Visto o anterior, de conformidade co disposto na vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP 260 de data 12.11.2015), e as bases reguladoras do concurso, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda**:

PRIMEIRO: Non admitir os recursos de reposición/alegacións con NRE 22239 e 22240 de data 27.07.2016, interpostos polos clubs AD Ourense Hóckey Club e Club Hóckey Santiago Apóstol, contra a resolución da convocatoria de entidades deportivas 2016.

SEGUNDO: Notificarlles este acordo aos interesados.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BOBORÁS.- No Pleno, con data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 46206-33420, a cantidade de 6.000,00 euros, a favor do Concello de Boborás, para a XXXI edición do Premio Antón Losada Diéguez.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Boborás, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 euros.

-Obxecto: XXXI edición do Premio Antón Losada Diéguez.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto á actuación subvencionada:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 11 de agosto de 2016
--

- 1.-Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.-Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.-Que os gastos xustificadas acadan o 100% da subvención concedida.
- 4.-Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día once de agosto do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,